


Música en diálogo  
coa arte, a ciencia,  
a tecnoloxía e  
o pensamento  
contemporáneos

# AUDIBLE DO 25



[vertixesonora.gal](http://vertixesonora.gal)

vertixe  
sonora



**DOAUDIBLE25** presenta en exclusiva **A ARTE DO GUZHENG**, e **IN VAIN**, dúas producións orixinais que aúnan colaboracións internacionais, estreas de compositores de relevo e unha serie de actividades arredor das mesmas.

**A ARTE DO GUZHENG** para 10 músicos e recitadora será o **15 de abril às 19h no Museo do Mar de Galicia en Vigo**. Trátase dunha colaboración coa **Bienal de Zagreb** e o **Hong Kong New Music Ensemble** que procura a integración do Guzheng, cítara tradicional chinesa símbolo do taoísmo e das clases populares, nun contexto de música nova. Unha oportunidade para achegarnos á cultura e a poesía chinesa tradicional e disfrutar das últimas creacións de **Sonja Mutić** (Cro/Serbia), **Angus Lee** (HK), **Camilo Mendez** (Colombia/HK) e **Pilar Miralles** (España/Finlandia).

**IN VAIN** (Georg Friedrich Haas, 2000), é unánimemente considerada como “unha das obras mestras do século XXI” (Simon Rattle, 2021), ou “a obra máis importante dende o ano 2000” (Voz clásica, 2019). Nesta ocasión, esta “lenta e desacougante” viaxe microtonal da completa escuridade á luz, aparece vinculada co final de *Crime e Castigo*, no celme dun singular proxecto de formación en colaboración cos **Conservatorios de Música de Galicia**, a **Universidade de A Coruña** e o **Cárcere de Teixeira**. Faranse dúas presentacións do proxecto que suliñan un proceso fondo e doente de reflexión e transformación personal. A primeira –Eskuridade–, para o público en aberto, o **sábado 10 de maio ás 23h** en San Domingos de Bonaval (Santiago de Compostela). E a segunda –Luz–, unha actuación privada, para os internos, ás **17h do domingo 11 de maio** no **Centro Penitenciario de Teixeira en Curtis, A Coruña**.

**DOAUDIBLE25** é un ciclo de concertos promovido pola **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, coa colaboración de **Vertixe Sonora**, que procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio. A investigación de puntos de encontro entre a música, a ciencia, a tecnoloxía, a arte e o pensamento é o eixo central do ciclo, que busca favorecer o achegamento do público non especializado á creación artística contemporánea e a conquista dunha percepción musical máis consciente. **DOAUDIBLE25** propón en cada concerto unha experiencia singular e reveladora que devolve a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano. Rachar fronteiras e romper formatos. Ou crear outros novos. Mostrar o diálogo e a interacción entre disciplinas, a priori, afastadas. **DOAUDIBLE25** constrúe un ciclo que evoluciona e desafía permanentemente a un público ávido de experiencias culturais de calidade.

Martes 15 de abril, 19h. | MUSEO DO MAR DE GALICIA, Vigo

**A ARTE DO GUZHENG**

Sábado 10 de maio, 23h. | SAN DOMINGOS DE BONAVAL, Santiago de Compostela

Domingo 11 de maio 17h. | CENTRO PENITENCIARIO TEIXEIRO, Curtis, A Coruña

**IN VAIN**

---

Martes 15 de abril, 19h. | MUSEO DO MAR DE GALICIA, Vigo

## A ARTE DO GUZHENG para 10 músicos e recitadora

Co apoio de: Hong Kong Arts Development Council, HKETO Hong Kong Economic And Trade Office, Acción Cultural Española (PICE), Embaixada de España na República De Croacia, Deutscher Akademischer Austauschdienst (DAAD)



Na familia das cítaras, o **Guqin** (古琴) e o **Guzheng** (古筝) representan lugares contrapostos na música tradicional chinesa. Se o Guqin de sete cordas, de son grave e calmo, permanece fortemente identificado co refinamento aristocrático e o bo gusto, converténdose nun símbolo dos valores morais que defende o confucianismo; o Guzheng de pontes móbeis e moitísimas máis cordas (entre doce e cincuenta (sic!) –co estándar actual de vinte e unha), é o instrumento por antonomasia das clases populares e da filosofía taoísta. Xurdiu no período dos Reinos Combatentes (V a. C.) para favorecer unha música alternativa, capaz de ir máis aló dos límites establecidos; unha arte libre de protocolos ríxidos, conectada directamente coa emoción.

Este proxecto explora a integración do Guzheng nun contexto de música nova na amizade de **Hong Kong New Music Ensemble** e **Vertixe Sonora**; e presenta catro estreas mundias escritas especialmente para a ocasión de **Sonja Mutić** (Cro/Serbia), **Angus Lee** (HK), **Camilo Mendez** (Colombia/HK) e **Pilar Miralles** (España/Finlandia).

Coa participación especial da violinista e recitadora **Niu Yiran**, A ARTE DO GUZHENG complétase coa lectura dunha selección de poemas Ci con acompañamento instrumental de guzheng, da poetisa da dinastía Song, **Li Qingzhao** (1084-c. 1155). Íntimamente ligados coa música, os **poemas Ci** (literalmente "palabras de cancións") foron compostos para unha melodía preexistente, agora perdida.

Con esta pílula, propoñemos un modesto achegamento de confraternización coa cultura chinesa, nunha viaxe que ven de presentarse, o sábado 12, no Tvornica Kulture na Bial Musical de Zagreb.

**Angus Lee** *hic / nunc*\* (2025) ensemble

**Li Qingzhao** *Wuling Chun (A primavera de Wuling)* recitado e guzheng

**Sonja Mutić** *spektrum . spektra*\*\* (2025) ensemble amplificado, electrónica e voces imaxinarias

**Li Qingzhao** *Yujiao Ao (Orgullo dos Pescadores)* recitado e guzheng

**Camilo Mendez** *Disappeared Quipu[s]: Broken & Forgotten*\* (2025) ensemble

**Li Qingzhao** *Ru Meng Ling (Como en soños)* recitado e guzheng

**Pilar Miralles** *done for the day*\*(2025) ensemble

\* Estrea absoluta. Comisionada por 33rd MBZ

\*\*Estrea absoluta. Comisionada por 33rd MBZ e DAAD Artists-in-Berlin Program

“Tuck yourself in bed. Remember to take your shoes off! You can sleep for real.”

Pilar Miralles, *done for the day*

NIU YIRAN recitadora

VID VELJAK violonchelo

HONG KONG NEW MUSIC ENSEMBLE Angus Lee, director, fruta | Linus Fung, clarinete | William Lane, viola | Karen Yu, percusión | Chiu Tan-Ching, guzheng

VERTIXE SONORA Pablo Coello, saxofón | David Durán, piano | Nuno Marques, guitarra eléctrica | Roberto Alonso Trillo, violin

---

Sábado 10 de maio, 23h. | SAN DOMINGOS DE BONAVAL, Santiago De Compostela

Domingo 11 de maio 17h. | CENTRO PENITENCIARIO TEIXEIRO, Curtis, A Coruña

**IN VAIN** para 24 músicos

GEORG FRIEDRICH HAAS (AUSTRIA)

**IN VAIN** desenvolveuse no marco de **Cardinais 25 - Academia Vertixe Sonora** co apoio da Dirección Xeral de Formación Profesional, Deputación da Coruña, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Universidade da Coruña



Xa non estamos no tempo, pero o tempo está en nós con toda a súa sucesión interminable...

Schiller, Cartas sobre a educación estética do home

Sete anos! Só sete anos! Na embriaguez dos primeiros momentos, os dous case consideraban eses sete anos como sete días. Raskolnikov non sabía que non podería obter esta nova vida sen dar nada da súa parte, pero que tería que adquirila ao prezo de longos e heroicos esforzos...

Pero aquí comeza outra historia, a da lenta renovación dun home, da súa progresiva rexeneración, do seu paso paulatino dun mundo a outro e do seu paulatino coñecemento dunha realidade totalmente ignorada. Habería material para unha nova historia en todo isto, pero a nosa rematou.

Dostoievski, Crime e castigo

O final de *Crime e castigo* anuncia un lento proceso de reflexión personal e de transformación do protagonista en prisión, que lle permita respostar con verdade ás preguntas esenciais da existencia na máis fonda intimidade do ser. Ao igual que os obxectivos de reeducación, reinserción, rehabilitación e acompañamento das penas de prisión no noso país.

Unha renovación interior semellante, en canto que profunda e doente, propón Georg Friedrich Haas no seu extraordinario **IN VAIN**: unha viaxe inquietante e lenta da completa escuridade á luz. E a imaxe visual non é casual, porque a obra aposta por unha modulación paulatina da iluminación para alimentar o evolucionar sonoro con densos e renovados significados.

E ao mesmo tempo metafórico, cando é a propia música a que acada a súa plenitude partindo dun material estremadamente reducido. A atención obsesiva e teimosa ás pequenas variacións de ton (por debaixo do semitono), a ausencia de "melodías" ordinarias, a disolución do ritmo en permanentes aceleracións e desaceleracións, os limitados modos de articulación... todo isto lévanos inevitablemente a centrar a atención no son e na forma, suliñando un tatear dificultoso e incerto, camiño adiante.

Escuridade e luz. Noite e día. A través de dous concertos –para o público en aberto o sábado 10 ás 23h da noite; e para os internos do cárcere de Teixeiro en privado o domingo 11 ás 17h do día– visitaremos a escuridade e a luz, transformando unha experiencia de concerto, nunha aprendizaxe de vida. Un proxecto de formación co profesorado dos Conservatorios de Galicia e os internos do Centro Penitenciario de Teixeiro que suliña a experiencia de estar vivo. Nunha cuidada presentación da que se considera “unha das obras mestras do século XXI” (Simon Rattle, 2021), ou “a obra máis importante dende o ano 2000” (Voz clásica, 2019). Un momento de beleza sublime que permita consumir a nosa humanidade, para concluír que “o sentido máis elevado é a vida máis nobre” (Schiller).

**GEORG FRIEDRICH HAAS.**

**Georg Friedrich Haas.** Compositor austríaco nado en Graz, e un dos máis importantes da súa xeración. Adscrito á corrente espectral, estudou música na Musikhochschule de Graz, composición con Gösta Neuwirth e Ivan Eröd e piano con Doris Wolf. Desde 1978 é profesor na Hochschule, e desde 1989 profesor asociado de contrapunto, técnicas de composición contemporánea, análise e iniciación á música microtonal. Haas recibiu dous anos de estudos de posgrao na Hochschule für Musik de Viena con Friedrich Cerha. Bolseiro do Festival de Salzburgo (1992-93), foi galardoado co Premio Sandoz en 1992 e recibiu a Axuda Musical do Ministerio Nacional de Ciencia, Investigación e Cultura do seu país en 1995. O seu estilo lembra a György Ligeti para o uso da micropolifonía, microintervalos e explotación da serie de armónicos. As súas obras foron programadas nos festivais máis importantes do mundo. É membro fundador do colectivo de compositores de Graz *Die andere Seite*. Entre os premios que gañou están o SWR Symphonic Composition Prize (2010), o City of Vienna Music Prize (2012) e o Salzburg Music Prize (2013)

**Georg Friedrich Haas **IN VAIN** para 24 músicos**

**Cardinals 25 – Academia Vertixe Sonora**

Director: Francesc Prat

Frauta: Julio Cabo, Clara Saleiro

Clarinete: Daniel Veiga, Pablo Piñeiro

Oboe: Ismael Vaquero

Fagot: Sandra Ochoa

Saxofón: Pablo Coello

Trompa: Simon Lewis, Jorge Fuentes

Trombón: Iago Ríos, Arturo Centelles

Acordeón: Norberto Prieto

Violín: Jacobo Hernández, Olga Alesandrovskaia, Beatriz Rodríguez

Viola: Raymond Arteaga, Raquel San Pedro

Violoncello: Pedro Vaz, Teresa Morales

Contrabaixo: Carlos Méndez

Arpa: Bleuenn Le Fric

Piano: David Durán


Percusión: Diego Ventoso, Juan Antonio Vázquez





XUNTA  
DE GALICIA

vertixe  
sonora



ISCM - España